



CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

Expediente nº: 1308/2022

Con data 27 de febreiro, dictouse decreto da Alcaldía do seguinte teor literal:

“DECRETO.-

Visto o disposto nas bases que rexerán o proceso excepcional e libre para a consolidación e estabilización das prazas de **conductor e encargado de mantemento da EDAR**, incluídos na Relación de Postos de Traballo desta entidade local, ocupados temporalmente de xeito ininterrompido con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2005, bases aprobadas por Resolución desta Alcaldía nº 2022-0775 de data 11/11/2022.

Vista a Resolución desta Alcaldía nº 2023-0023 de data 15/01/2023 na que se prestou aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos.

No exercicio das competencias que me confire a vixente lexislación sobre réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO.- O Tribunal calificador encargado da valoración dos méritos para a consolidación e estabilización da praza de conductor do Concello de Becerreá, estará composto por:

PRESIDENTE

Titular: Don Marco Antonio García-Gabilán Sangil. Secretario-Interventor do Concello de O Corgo.

Suplente: Don Julio González Casanova, Secretario-Interventor do Concello de Friol.

SECRETARIO

Titular: Dona Ana María Rivas García, Secretaria-Interventora do Concello de Becerreá

Suplente: Dona Sandra Díaz Álvarez, Secretaria Interventora do Concello de As Nogais.

1 VOCAL

Titular: Don Manuel Rodríguez González, conductor servizos múltiples do Concello de O Corgo.

Suplente: Don Luis Vilaboa Gandoy, Conductor de Distrito da Xunta de Galicia.

2 VOCAL

Titular: Don Severiano Daniel Vázquez Prado, Xefe de Sección de Contratación, Urbanismo e Fomento do Concello de Becerreá

Suplente: Dona Noemí López Corredoira, Directora do Centro de Servizos Sociais do Concello de Becerreá.

3 VOCAL

Titular: Dona Mónica Gimenez López, letrada asesora do Servizo de Cooperación e Asistencia aos Concellos da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Dona María Belén López López, Secretaria Interventora do Concello de A Pastoriza.

Igualmente cónvocase ao Tribunal para a súa constitución o vindeiro día 23 de marzo ás 10:00 horas.

SEGUNDO.- O Tribunal calificador encargado da valoración dos méritos para a consolidación e estabilización da praza de ENCARGADO DE MANTEMENTO DE EDAR do Concello de Becerreá, estará composto por:

PRESIDENTE

Titular: Don Marco Antonio García-Gabilán Sangil. Secretario-Interventor do Concello de O Corgo.

Suplente: Don Julio González Casanova, Secretario-Interventor do Concello de Friol.

SECRETARIO

Titular: Dona Ana María Rivas García, Secretaria-Interventora do Concello de Becerreá

Suplente: Dona Sandra Díaz Álvarez, Secretaria Interventora do Concello de As Nogais.

1 VOCAL

Titular: Don Severiano Daniel Vázquez Prado, Xefe de Sección de Contratación, Urbanismo e Fomento do Concello de Becerreá

Suplente: Dona Noemí López Corredoira, Directora do Centro de Servizos Sociais do Concello de Becerreá.

2 VOCAL

Titular: Dona Mónica Marras Mosquera Xefe do Servizo de Arquitectura da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Dona Pilar Pérez López, Tesoureira do Concello de Becerreá.

3 VOCAL

Titular: Dona Mónica Gimenez López, letrada asesora do Servizo de Cooperación e Asistencia aos Concellos da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Dona María Belén López López, Secretaria Interventora do Concello de A Pastoriza.

Igualmente cónvocase ao Tribunal para a súa constitución o vindeiro día 23 de marzo ás 10:30 horas.

A Resolución contida neste resolvo que é de trámite dentro do proceso selectivo, faise pública en cumprimento do disposto nas bases da convocatoria, non procedendo contra a mesma recurso algún sen prexuízo do establecido no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público sobre abstención e recusación. Non obstante os/as interesados/as poderán presenta-las alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ó procedemento, conforme ó disposto no artigo 112 da Lei 9/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Ordenao e asínoa electrónicamente o señor Alcalde-Presidente.”

Becerreá, 27 de febreiro de 2023.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez

R. 0585

Anuncio

Expediente nº: 1364/2022

Con data 27 de febreiro, dictouse decreto da Alcaldía do seguinte teor literal:

“DECRETO.-

Visto o disposto nas bases que rexerán o proceso excepcional e libre para a consolidación da praza de LIMPIADOR/A OEP 2022 incluída na Relación de Postos de Traballo desta entidade local, ocupado temporalmente de xeito ininterrumpido con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2005, bases aprobadas por Resolución desta Alcaldía nº 2022 0777 de data 11/11/2022.

Vista a Resolución desta Alcaldía nº 2023-0024 de data 15/01/2023 na que se prestou aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos.

No exercicio das competencias que me confire a vixente lexislación sobre réxime local, RESOLVO:

O Tribunal calificador encargado da valoración dos méritos para a estabilización da praza de LIMPIADOR/A OEP 2022 do Concello de Becerreá, estará composto por:

PRESIDENTE

Titular: Don Marco Antonio García-Gabilán Sangil. Secretario-Interventor do Concello de O Corgo.

Suplente: Don Julio González Casanova, Secretario-Interventor do Concello de Friol.

SECRETARIO

Titular: Dona Ana María Rivas García, Secretaria-Interventora do Concello de Becerreá

Suplente: Dona Sandra Díaz Álvarez, Secretaria Interventora do Concello de As Nogais.

1 VOCAL

Titular: Don Manuel Rodríguez González, conductor servizos múltiples do Concello de O Corgo.

Suplente: Don Luis Vilaboa Gandoy, Conductor de Distrito da Xunta de Galicia.

2 VOCAL

Titular: Don Severiano Daniel Vázquez Prado, Xefe de Sección de Contratación, Urbanismo e Fomento do Concello de Becerreá

Suplente: Dona Noemí López Corredoira, Directora do Centro de Servizos Sociais do Concello de Becerreá.

3 VOCAL

Titular: Dona Mónica Gimenez López, letrada asesora do Servizo de Cooperación e Asistencia aos Concellos da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Dona María Belén López López, Secretaria Interventora do Concello de A Pastoriza.

Igualmente cónvocase ao Tribunal para a súa constitución o vindeiro día 23 de marzo ás 12:30 horas.

A Resolución contida neste resolvo que é de trámite dentro do proceso selectivo, faise pública en cumprimento do disposto nas bases da convocatoria, non procedendo contra a mesma recurso algún sen prexuízo do establecido no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público sobre abstención e recusación. Non obstante os/as interesados/as poderán presenta-las alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ó procedemento, conforme ó disposto no artigo 112 da Lei 9/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Ordenao e asínao electrónicamente o señor Alcalde-Presidente.”

Becerreá, 27 de febreiro de 2023.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez

R. 0586

Anuncio

Expediente nº: 1365/2022

Con data 27 de febreiro, dictouse decreto da Alcaldía do seguinte teor literal:

“DECRETO.-

Visto o disposto nas bases que rexerán o proceso excepcional e libre para a consolidación da praza de **CONDUCTOR OPERARIO DE SERVICIOS MÚLTIPLES**, incluído na Relación de Postos de Traballo desta entidade local, ocupado temporalmente de xeito ininterrumpido con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2005, bases aprobadas por Resolución desta Alcaldía nº 2022 0779 de data 13/11/2022.

Vista a Resolución desta Alcaldía nº 2023-0021 de data 15/01/2023 na que se prestou aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos.

No exercicio das competencias que me confire a vixente lexislación sobre réxime local, RESOLVO:

O Tribunal calificador encargado da valoración dos méritos para a estabilización da praza de **CONDUCTOR OPERARIO/A DE SERVICIOS MULTIPLES** do Concello de Becerreá, estará composto por:

PRESIDENTE

Titular: Don Marco Antonio García-Gabilán Sangil. Secretario-Interventor do Concello de O Corgo.

Suplente: Don Julio González Casanova, Secretario-Interventor do Concello de Friol.

SECRETARIO

Titular: Dona Ana María Rivas García, Secretaria-Interventora do Concello de Becerreá

Suplente: Dona Sandra Díaz Álvarez, Secretaria Interventora do Concello de As Nogais.

1 VOCAL

Titular: Don Manuel Rodríguez González, conductor servizos múltiples do Concello de O Corgo.

Suplente: Don Luis Vilaboa Gandoy, Conductor de Distrito da Xunta de Galicia.

2 VOCAL

Titular: Don Severiano Daniel Vázquez Prado, Xefe de Sección de Contratación, Urbanismo e Fomento do Concello de Becerreá

Suplente: Dona Noemí López Corredoira, Directora do Centro de Servizos Sociais do Concello de Becerreá.

3 VOCAL

Titular: Dona Mónica Gimenez López, letrada asesora do Servizo de Cooperación e Asistencia aos Concellos da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Dona María Belén López López, Secretaria Interventora do Concello de A Pastoriza.

Igualmente cónvocase ao Tribunal para a súa constitución o vindeiro día 23 de marzo ás 12:00 horas.

A Resolución contida neste resolvo que é de trámite dentro do proceso selectivo, faise pública en cumprimento do disposto nas bases da convocatoria, non procedendo contra a mesma recurso algún sen prexuízo do establecido no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público sobre abstención e recusación. Non obstante os/as interesados/as poderán presentalas alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ó procedemento, conforme ó disposto no artigo 112 da Lei 9/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Ordenao e asínoa electrónicamente o señor Alcalde-Presidente.”

Becerreá, 27 de febreiro de 2023.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez

R. 0587

Anuncio

Expediente nº: 1366/2022

Con data 27 de febreiro, dictouse decreto da Alcaldía do seguinte teor literal:

“DECRETO.-

Visto o disposto nas bases que rexerán o proceso excepcional e libre para a estabilización da praza de UNHA PRAZA TRABALLADOR/A SOCIAL E UNHA PRAZA DE AUX DE AX FOGAR OEP 2022 incluída na Relación de Postos de Traballo desta entidade local, ocupado temporalmente de xeito ininterrompido con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016, bases aprobadas por Resolución desta Alcaldía nº 2022 0781 de data 13/11/2022.

Vista a Resolución desta Alcaldía nº 2023-0026 de data 15/01/2023 na que se prestou aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos.

No exercicio das competencias que me confire a vixente lexislación sobre réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO: O Tribunal calificador encargado da valoración dos méritos para a estabilización da praza de TRABALLADOR/A SOCIAL OEP 2022 do Concello de Becerreá, estará composto por:

PRESIDENTE

Titular: Dona Noemí López Corredoira, Directora do Centro de Servizos Sociais do Concello de Becerreá.

Suplente: Don Julio González Casanova, Secretario-Interventor do Concello de Friol.

SECRETARIO

Titular: Dona Ana María Rivas García, Secretaria-Interventora do Concello de Becerreá

Suplente: Dona Sandra Díaz Álvarez, Secretaria Interventora do Concello de As Nogais.

1 VOCAL

Titular: Don Marco Antonio García-Gabilán Sangil. Secretario-Interventor do Concello de O Corgo.

Suplente: Dona Mónica Vázquez Fandiño, secretaria-interventora del Ayuntamiento de Láncara.

2 VOCAL

Titular: Don Severiano Daniel Vázquez Prado, Xefe de Sección de Contratación, Urbanismo e Fomento do Concello de Becerreá

Suplente: Dona Elisa Muñoz Álvarez, secretaria-interventora del Ayuntamiento de Baralla.

3 VOCAL

Titular: Dona Mónica Gimenez López, letrada asesora do Servizo de Cooperación e Asistencia aos Concellos da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Dona María Belén López López, Secretaria Interventora do Concello de A Pastoriza.

Igualmente cónvocase ao Tribunal para a súa constitución o vindeiro día 23 de marzo ás 13:00 horas.

SEGUNDO: O Tribunal calificador encargado da valoración dos méritos para a estabilización da praza de AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR OEP 2022 do Concello de Becerreá, estará composto por:

PRESIDENTE

Titular: Dona Noemí López Corredoira, Directora do Centro de Servizos Sociais do Concello de Becerreá.

Suplente: Don Julio González Casanova, Secretario-Interventor do Concello de Friol.

SECRETARIO

Titular: Dona Ana María Rivas García, Secretaria-Interventora do Concello de Becerreá

Suplente: Dona Sandra Díaz Álvarez, Secretaria Interventora do Concello de As Nogais.

1 VOCAL

Titular: Don Marco Antonio García-Gabilán Sangil. Secretario-Interventor do Concello de O Corgo.

Suplente: Dona Mónica Vázquez Fandiño, secretaria-interventora del Ayuntamiento de Láncara.

2 VOCAL

Titular: Don Severiano Daniel Vázquez Prado, Xefe de Sección de Contratación, Urbanismo e Fomento do Concello de Becerreá

Suplente: Dona Elisa Muñoz Álvarez, secretaria-interventora del Ayuntamiento de Baralla.

3 VOCAL

Titular: Dona Mónica Gimenez López, letrada asesora do Servizo de Cooperación e Asistencia aos Concellos da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Dona María Belén López López, Secretaria Interventora do Concello de A Pastoriza.

Igualmente cónvocase ao Tribunal para a súa constitución o vindeiro día 23 de marzo ás 13:30 horas.

A Resolución contida neste resolvo que é de trámite dentro do proceso selectivo, faise pública en cumprimento do disposto nas bases da convocatoria, non procedendo contra a mesma recurso algún sen prexuízo do establecido no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público sobre abstención e recusación. Non obstante os/as interesados/as poderán presenta-las alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ó procedemento, conforme ó disposto no artigo 112 da Lei 9/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Ordenao e asínao electrónicamente o señor Alcalde-Presidente."

Becerreá, 27 de febreiro de 2023.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez

R. 0588

Anuncio

Expediente nº: 1374/2022

Con data 27 de febreiro, dictouse decreto da Alcaldía do seguinte teor literal:

"DECRETO.-

Visto o disposto nas bases que rexerán o proceso excepcional e libre para a consolidación da praza de **OFICIAL**, incluída na Relación de Postos de Traballo desta entidade local, ocupados temporalmente de xeito ininterrompido con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016, bases aprobadas por Resolución desta Alcaldía nº 2022 0789 de data 15/11/2022.

Vista a Resolución desta Alcaldía nº 2023-0022 de data 15/01/2023 na que se prestou aprobación da lista definitiva de admitidos e excluídos.

No exercicio das competencias que me confire a vixente lexislación sobre réxime local, RESOLVO:

O Tribunal calificador encargado da valoración dos méritos para a estabilización da praza de OFICIAL do Concello de Becerreá, estará composto por:

PRESIDENTE

Titular: Don Marco Antonio García-Gabilán Sangil. Secretario-Interventor do Concello de O Corgo.

Suplente: Don Julio González Casanova, Secretario-Interventor do Concello de Friol.

SECRETARIO

Titular: Dona Ana María Rivas García, Secretaria-Interventora do Concello de Becerreá

Suplente: Dona Sandra Díaz Álvarez, Secretaria Interventora do Concello de As Nogais.

1 VOCAL

Titular: Titular: Dona Mónica Marras Mosquera Xefe do Servizo de Arquitectura da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Don Manuel Rodríguez González, conductor servizos múltiples do Concello de O Corgo.

2 VOCAL

Titular: Don Severiano Daniel Vázquez Prado, Xefe de Sección de Contratación, Urbanismo e Fomento do Concello de Becerreá

Suplente: Dona Noemí López Corredoira, Directora do Centro de Servizos Sociais do Concello de Becerreá.

3 VOCAL

Titular: Dona Mónica Gimenez López, letrada asesora do Servizo de Cooperación e Asistencia aos Concellos da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Dona María Belén López López, Secretaria Interventora do Concello de A Pastoriza.

Igualmente cónvocase ao Tribunal para a súa constitución o vindeiro día 23 de marzo ás 11:30 horas.

A Resolución contida neste resolvo que é de trámite dentro do proceso selectivo, faise pública en cumprimento do disposto nas bases da convocatoria, non procedendo contra a mesma recurso algún sen prexuízo do establecido no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público sobre abstención e recusación. Non obstante os/as interesados/as poderán presenta-las alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ó procedemento, conforme ó disposto no artigo 112 da Lei 9/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Ordenao e asínoa electrónicamente o señor Alcalde-Presidente.”

Becerreá, 27 de febreiro de 2023.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez

R. 0589

Anuncio

Expediente nº: 1368/2022

Con data 27 de febreiro, dictouse decreto da Alcaldía do seguinte teor literal:

“Expediente nº: 1368/2022

DECRETO.-

Visto o disposto nas bases que rexerán o proceso excepcional e libre para a estabilización da praza de **ARQUITECTO A TEMPO PARCIAL**, incluída na Relación de Postos de Traballo desta entidade local, ocupados temporalmente de xeito ininterrumpido con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2016, bases aprobadas por Resolución desta Alcaldía nº 2022-0786 de data 14/11/2022.

No exercicio das competencias que me confire a vixente lexislación sobre réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á listaxe definitiva de admitidos e excluídos no proceso de referencia:

ARQUITECTO MUNICIPAL A TEMPO PARCIAL**-Admitidos :**

Primeiro Apelido	Segundo Apelido	Nome	DNI	Exento Proba Galego
López	Vázquez	Manuel Eduardo	33****62 C	NON

-Excluídos: NINGÚN

SEGUNDO.-Esta resolución publicarase no Boletín Oficial de Provincia e na sede electrónica, e contra a cal se poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano, no prazo de un mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín oficial da Provincia de Lugo, de conformidade co establecido na LPAC, ou poderase interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso

Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto no Art. 8.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando da documentación que debe presentarse, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación no procedemento.

TERCEIRO.- O Tribunal calificador encargado da valoración dos méritos no proceso de referencia, estará composto por:

PRESIDENTE

Titular: Don Marco Antonio García-Gabilán Sangil. Secretario-Interventor do Concello de O Corgo.

Suplente: Don Julio González Casanova, Secretario-Interventor do Concello de Friol.

SECRETARIO

Titular: Dona Ana María Rivas García, Secretaria-Interventora do Concello de Becerreá

Suplente: Dona Sandra Díaz Álvarez, Secretaria Interventora do Concello de As Nogais.

1 VOCAL

Titular: Dona Mónica Marras Mosquera Xefe do Servizo de Arquitectura da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Dona Mónica Vázquez Fandiño, secretaria-interventora del Ayuntamiento de Láncara

2 VOCAL

Titular: Don Severiano Daniel Vázquez Prado, Xefe de Sección de Contratación, Urbanismo e Fomento do Concello de Becerreá

Suplente: Dona María Belén López López, Secretaria Interventora do Concello de A Pastoriza.

3 VOCAL

Titular: Dona Mónica Gimenez López, letrada asesora do Servizo de Cooperación e Asistencia aos Concellos da Deputación Provincial de Lugo.

Suplente: Dona Elisa Muñoz Álvarez, secretaria-interventora del Ayuntamiento de Baralla.

Igualmente cónvocase ao Tribunal para a súa constitución o vindeiro día 23 de marzo ás 11:00 horas.

A Resolución contida neste resolvo que é de trámite dentro do proceso selectivo, faise pública en cumprimento do disposto nas bases da convocatoria, non procedendo contra a mesma recurso algún sen prexuízo do establecido no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público sobre abstención e recusación. Non obstante os/as interesados/as poderán presenta-las alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ó procedemento, conforme ó disposto no artigo 112 da Lei 9/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Ordenao e asínoa electrónicamente o señor Alcalde-Presidente."

Becerreá, 28 de febreiro de 2023.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez

R. 0590

BEGONTE

Anuncio

Aprobados por Decreto de Alcaldía os padrónsanuais mes de febreiro de 2023 correspondentes ás actividades socioculturais e deportivas do curso 2022/2023, por un importe total de 4515,50 €.

Ospadróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao de inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra os mesmos.

Dado que os recibos están domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Begonte, 27 de febreiro de 2023.- O Alcalde, José Ulla Rocha.

R.0591

BURELA

Anuncio

Por Decreto da Alcaldía nº 2023- 0169 de data 02/03/2023 apróbese a convocatoria e as bases reguladoras do proceso que se levará a cabo para a cobertura dun posto de traballo de profesor de guitarra a tempo parcial de 20 horas mediante contrato laboral temporal de substitución (Disposición adicional 4ª do RDL 32/2021):

BASES PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER TEMPORAL NA MODALIDADE DE CONTRATO DE INTERINIDADE DE UNHA PRAZA DE PROFESOR/A PARA A ESCOLA MUNICIPAL DE MUSICA DO CONCELLO DE BURELA; ESPECIALIDADE GUITARRA.-

1.-OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección para a cobertura de unha praza de profesor/a de música vacante, a contratar temporalmente na modalidade de contrato laboral de interinidade a tempo parcial recollida no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, así como no artigo 4.2 b) do Real Decreto 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada, así como a disposición adicional cuarta do Real Decreto-ley 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.

A relación laboral de interinidade estenderase dende a sinatura do contrato ata a cobertura definitiva da praza ou cando por causas sobrevenidas a mesma sexa amortizada ou por supresión do servizo, sen que de acordo co disposto entre outras, na Sentenza do Tribunal Supremo (Sala 4ª do Social) de 10 de outubro de 2014, recaída no recurso de casación para a unificación de doutrina número 723/2013 dito proceso de cobertura poda superar os tres anos.

Características das prazas:

Denominación	Horas semanais
Profesor/a de guitarra	20 horas

Código de identificación na relación de postos de traballo do Concello: 7117; Área: Cultura e Deportes; Unidade Cultura; Categoría profesional: 2-diplomado; Nivel de complemento de destino: 16.

A xornada estenderase de luns a domingo no horario aprobado pola Alcaldía en atención ás necesidades do servizo e cos descansos establecidos legalmente.

As bases íntegras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP), na sede electrónica (<http://burela.sedelectronica.es>) e estarán a disposición dos/as interesados/as no Rexistro Xeral do Concello.

Toda a documentación que se publique con posterioridade a convocatoria será obxecto de publicidade mediante o correspondente anuncio no taboleiro de edictos sito na casa consistorial e no taboleiro de anuncios dixital, exclusivamente. O acceso ao taboleiro de anuncios dixital realizase a través da sede electrónica do Concello de Burela (<http://burela.sedelectronica.es>).

2.- FUNCIONES E RETRIBUCIÓNS.

Funcións do posto:

- Impartición da formación correspondente ao curso ao seu cargo.
- Apertura e peche da aula.
- Disposición do material necesario para a impartición do curso
- Calquera outra relacionada co posto que lle encomende o seu superior xerárquico.

As retribucións a percibir serán as correspondentes á praza/posto convocada/o segundo o establecido no Convenio colectivo aplicable ao persoal laboral do Concello de Burela e en atención á xornada parcial do posto a cubrir, co seguinte desglose mensual: salario 594,09 €; CD 216,80 €; parte proporcional da paga extra 108,35€.

3.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para ser admitidos á realización destas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou ter nacionalidade doutro Estado co alcance que se sinala no artigo 57 do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión do título profesional de Música na especialidade instrumental á que se opta.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán ter o documento que acredite fehacientemente a súa homologación.

d) Acreditar a capacidade funcional para o desempeño das funcións propias do posto. En consecuencia non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións do cargo.

e) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

g) Carecer de antecedentes no Rexistro Central de delinquentes sexuais.

h) Estar en posesión do título CELGA 4 ou outros títulos oficiais equivalentes. No caso de non acreditalo realizarase unha proba conforme ao establecido na base 7.

Os requisitos citados deberán reunirse con referencia ó derradeiro día do prazo de presentación de instancias, debendo continuar en posesión dos mesmos durante todo o proceso selectivo.

Os/as aspirantes que viñeran desempeñando unha actividade pública ou privada, deberán solicitar o recoñecemento de compatibilidade no momento inmediato ao de formalización do contrato. De non ser compatible a actividade que viñeran desenvolvendo coa relación de servizo ao Concello de Burela, os/as aspirantes seleccionados/as comprométese a renunciar á mencionada actividade. No caso contrario, o mencionado contrato deixaría de ter validez.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do tribunal que algún dos/das aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, logo da audiencia do/da interesado/a, o tribunal de selección deberá propor ao alcalde a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

4. - FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

4.1. Forma de presentación. Os/as interesados/as que desexen participar no proceso selectivo dirixirán as súas solicitudes ao Sr. Alcalde do Concello de Burela e presentaranas no Rexistro Xeral da citada entidade en horario presencial de 9,00 a 14,00 horas ou mediante rexistro telemático as 24 horas. Así mesmo poderán remitirse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima). Non obstante, de cara a axilización do proceso, os/as aspirantes que presentasen a instancia en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 deberán poñelo en coñecemento da entidade mediante fax (982585945) ou mediante correo electrónico (controldexestion@burela.org) antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes, remitindo o impreso de instancia debidamente cumprimentado e co selo de entrada no rexistro correspondente.

O impreso de instancia axustarase ao modelo oficial que se facilitará no Rexistro xeral do Concello, publicándose así mesmo na sede electrónica (<http://burela.sedelectronica.es>).

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos, deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo empregado do Servizo de Correos.

4.2. Prazo de presentación. O prazo de presentación será de **7 días naturais** contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP). Si o último día do prazo é inhábil, trasladarase ó primeiro día hábil seguinte.

4.3. Forma de cumprimentar. A solicitude de participación no proceso selectivo deberá ser cumprimentada debidamente polos/as aspirantes e nela relacionarán, nos apartados correspondentes, os méritos que aleguen.

5.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR NECESARIAMENTE Á SOLICITUDE.

- a) Fotocopia do DNI ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de estranxeiros.
- b) Fotocopia do título académico esixido. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberá posuír o documento que acredite de maneira fidedigna a súa homologación.
- c) Acreditación da posesión do nivel de idioma galego esixido nas bases. De carecer desta acreditación, o/a aspirante someterase obrigatoriamente á proba de coñecemento do idioma galego prevista nas bases.
- d) Documentación acreditativa dos méritos alegados.

Deberase acompañar á solicitude as xustificacións documentais debidamente compulsadas dos méritos que desexen alegar en relación coa praza que se convoca.

No caso se presentarse a documentación a través da sede electrónica do Concello de Burela admitirase que se acredite mediante a achega de copia auténtica (cos requisitos e conforme ao establecido no artigo 27 da Lei 39/2015, do 2 de outubro), documento electrónico orixinal ou que conteña un código xerado electronicamente ou outro sistema de verificación que permita contrastar a autenticidade da copia mediante o acceso aos arquivos electrónicos do órgano ou organismo público emisor.

Non se valorarán os méritos que non estean acreditados documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal, non estean suficientemente acreditados.

Os méritos aos que se fai referencia deberán posuírse na data de remate do prazo de presentación de instancias, computándose en calquera caso ata a citada data.

A non acreditación dos méritos alegados conforme se sinala no apartado anterior determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fora do prazo de presentación de instancias xa que non poderá emendarse. Tampouco se requirirá aos/ás interesados/as para que os acrediten.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

6.- LISTA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS.

6.1. Lista provisional. Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución aprobando a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as (neste caso con indicación das causas que dean lugar á exclusión), que se fará pública na sede electrónica (<https://burela.sedelectronica.es>) e no Taboleiro de Edictos do Concello, exclusivamente.

Ademais, en dita resolución fixaranse os titulares e os suplentes que conformarán o Tribunal Cualificador.

Figurar na relación de admitidos non suporá que se lles recoñeza aos aspirantes estar en posesión dos requisitos esixidos nos procedementos que se convocan. Cando da documentación que debe presentarse logo de ter superado o procedemento de selección se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os/as interesados/as decaerán en tódolos dereitos que se puidesen derivar da súa participación nos procedementos de selección.

6.2. Prazo de alegacións. Concederase un prazo improrrogable de 2 días hábiles para reclamacións á lista provisional e emenda de defectos, a contar dende o seguinte ao da súa publicación na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello. Si o último día do prazo é inhábil, trasladarase ó primeiro día hábil seguinte.

As alegacións deberán presentarse por calquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015.

Dado o carácter urxente da convocatoria, a presentación de reclamacións por calquera outro medio distinto ao de presentación no Rexistro Xeral do Concello de Burela, deberá se comunicada por fax (982585945) ou correo electrónico (controldexestion@burela.org) dentro do prazo de 5 días naturais sinalado anteriormente.

O prazo de emenda non é de aplicación respecto dos méritos alegados pero non aportados. Os erros de feito poderanse emendar en calquera momento, de oficio ou por pedimento dos interesados, de acordo co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015.

6.3. Lista definitiva. As reclamacións/alegacións sobre as exclusións provisionais serán aceptadas ou rexeitadas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva, que se fará pública da mesma maneira que a provisional.

Para os efectos de axilizar o procedemento, de non presentarse reclamacións dentro do prazo establecido ou se as alegacións non foran suficientes para a súa consideración, a resolución de admitidos/as e excluídos/as poderase entender elevada a definitiva, sen necesidade de nova publicación. No caso de non existir excluídos a lista provisional ditarase con carácter de definitiva.

7.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

7.1. COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL.

O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do EBEP e estará integrado por 5 membros titulares e 5 suplentes (1 presidente e 4 vogais) podendo actuar indistintamente titulares e suplentes. O secretario será un dos vogais.

Os membros do Tribunal terán todos voz e voto.

O nomeamento dos membros titulares e suplentes que constitúan o Tribunal seleccionador, realizarase por Decreto da Alcaldía, debendo pertencer, en calquera caso, ao grupo/subgrupo de clasificación profesional de titulación de igual nivel ou superior ás esixidas para o acceso á praza/posto.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de polo menos tres dos seus membros, xa sexan titulares ou suplentes, e en todo caso requírese a asistencia do Presidente e do Secretario ou dos seus suplentes.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

Na composición do Tribunal de selección tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte dos Tribunais de selección as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos, persoal laboral temporal e o persoal eventual nin as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A Resolución pola que se aprobe a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos coa designación dos membros do Tribunal que incluírá os seus respectivos suplentes, farase pública na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello a efectos de recusación.

7.2. Abstención e recusación.

Os membros do Tribunal de selección deberán absteranse de intervir, comunicándollos ao órgano convocante, cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O Presidente poderá requirir aos membros do mesmo declaración expresa de non atoparse incursos en causa de abstención.

Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

7.3. Actuación do Tribunal.

O Tribunal de selección constituirase na data que designe a Alcaldía, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros titulares ou suplentes, coa presenza, en todo caso, do Presidente e do Secretario. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

A partir da sesión de constitución, o Tribunal de selección, para actuar validamente, requirirá que estean presentes a maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e ás bases reguladoras da correspondente convocatoria.

O Tribunal de selección resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan a carón da aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan producir durante a realización do sistema selectivo, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde en todo o que non estea previsto nas bases.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, xa citada.

8.-DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO. CONCURSO- OPOSICIÓN

Os/as aspirantes serán convocados para cada un dos exercicios en chamamento único, sendo excluídos/as da oposición os que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo tribunal.

A orde de actuación dos/as aspirantes naqueles exercicios que non se podan realizar conxuntamente será alfabético (A-Z).

Os/as aspirantes deberán presentarse para a realización dos exercicios provistos/as do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, que deberán ser en todo caso orixinais. De non acudir provisto de dito documento non poderá participar na proba selectiva, quedando decaídos de tódolos seus dereitos e excluído do proceso selectivo.

Durante o tempo fixado para a realización dos exercicios, non se poderán utilizar nin manipular de ningunha maneira aparatos de telefonía móbil, ordenadores ou outros, nin ningún tipo de material de apoio que non estea expresamente autorizado para os exercicios en que resulte necesario; o incumprimento suporá a expulsión do procedemento de selección por parte do Tribunal Cualificador.

Co fin de respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer o acceso ao emprego público, o tribunal deberá cualificar os exercicios dos aspirantes de acordo cos criterios de corrección e os baremos de puntuación establecidos nesta convocatoria.

O Tribunal, polos medios que considere oportunos, velará polo mantemento do anonimato dos/as aspirantes na realización e corrección dos exercicios escritos.

8.1. FASE DE OPOSICIÓN. Constará das seguintes probas:

- **1ª proba: PROBA ESCRITA:** Valorarase ata un máximo de 15 puntos.

Consistirá nun cuestionario tipo test de 30 preguntas, con tres respostas alternativas cada unha, sendo só una delas a correcta. As mencionadas preguntas serán propostas polo Tribunal de entre o temario común a tódalas especialidades e o temario específico por especialidade relacionados no anexo das presentes bases.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será de 30 minutos.

O exercicio cualificarase de 0 a 15 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 7,5 puntos para superalo e acceder ao seguinte exercicio.

-Cada resposta correcta puntuará con 0,5 puntos.

-Cada resposta errónea penalizará 0,25 puntos.

-Cada resposta en branco puntuará 0 puntos.

De non obterse o mínimo citado, o/a aspirante quedará excluído/a do proceso selectivo.

-**2ª proba: UNIDADE DIDÁCTICA:** Valorarase ata un máximo de 10 puntos.

Esta proba realizarase a continuación da proba escrita por aqueles aspirantes que alcanzasen a mínima puntuación esixida (7,5).

Consistirá na elaboración dunha unidade didáctica sobre un tema proposto polo tribunal, que terá que ser lida en función da decisión do mesmo.

O tempo máximo para a realización de este exercicio será de 45 minutos.

De considerar o tribunal a necesidade de ler o exercicio, o aspirante disporá de 10 minutos para facelo.

O tribunal poderá formular ao/á aspirante as cuestións ou preguntas que estime convenientes.

A proba valorarase de 0 a 10 puntos. Para a superación da proba é preciso obter un mínimo de 5 puntos. De non obterse o mínimo citado, o/a aspirante quedará excluído/a do proceso selectivo.

- **3ª Proba: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.**

A proba de coñecemento do idioma galego unicamente será obrigatoria para o persoal aspirante que non acredite a titulación de galego Celga 4, Perfeccionamento ou curso equivalente ou a correspondente validación.

Esta proba terá carácter eliminatorio e unha duración máxima de 30 minutos.

Consistira na realización dunha tradución dun texto do castelán ao galego.

Cualificarase como apto ou non apto.

8.2. FASE DE CONCURSO DE MÉRITOS. Esta fase puntuarase de 0 a 18 puntos.

Rematada a fase de oposición, procederase a realizar a fase de concurso aos/ás aspirantes que superasen a fase de oposición.

Consistirá na valoración dos méritos aportados e debidamente xustificadas polos/as aspirantes.

Non terá carácter eliminatorio nin poderá aplicarse para superar as probas da fase de oposición.

A) EXPERIENCIA. Valorarase cun máximo de 10 puntos:

a) Por mes completo traballado como profesor/a de música na especialidade á que se opta en Escolas de Música: 0,10 puntos por cada mes completo de servizos ata un máximo de 5 puntos. Non se terán en conta fraccións inferiores a un mes.

b) Por mes completo traballado como profesor/a de música na especialidade á que se opta en Conservatorios de Música: 0,10 puntos por cada mes completo de servizos ata un máximo de 5 puntos. Non se terán en conta fraccións inferiores a un mes.

B).- FORMACIÓN ACADÉMICA. Valorarase cun máximo de 5 puntos:

- Titulacións (máximo 1 punto):

- Por ter o título superior ao requirido como obrigatoria en relación coa especialidade instrumental á que se opta ou o equivalente segundo o Real Decreto 1542/1994, de 8 de xullo: 1 punto.

No caso de non ter rematados os estudos correspondentes ao título superior da especialidade á cal se opta, só se puntuará 0.20 por cada curso rematado na súa totalidade e debidamente acreditado ata un máximo de 0.80 puntos.

- Máster ou cursos de posgrao (máximo 1 punto):

0,5 puntos por cada un.

C).- FORMACIÓN COMPLEMENTARIA. Cursos, concursos, gravacións e concertos (puntuación máxima 3 puntos):

o Por cada curso de formación musical:

-de ata 40 horas ou duración non acreditada: 0,05 puntos por cada un.

-máis de 40 horas: 0,10 puntos por cada un.

o Por cada curso directamente relacionado coas funcións propias do posto ao que se opta realizados en institucións educativas:

-de ata 40 horas ou duración non acreditada: 0,10 puntos por cada un.

-máis de 40 horas: 0,15 puntos por cada un.

o Por participar en concursos relacionados coas funcións propias do posto a que se opta e obter algún dos seguintes premios:

1º PREMIO 0,25 Puntos.

2º PREMIO 0,20 Puntos

3º PREMIO 0,15 Puntos

o Gravacións de discos: 0,25 puntos por cada un.

o Colaboracións en concertos, en solitario ou formando parte dun grupo musical: 0,05 por cada un.

9.- CITACIÓNS PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS

Na mesma resolución pola que se aprobe a lista de aspirantes admitidos/as e excluídos/as e se faga pública a constitución do Tribunal Cualificador, sinalarase o lugar, data e hora para o inicio do proceso selectivo.

A citación ao Tribunal e aos/as aspirantes para a realización das probas, publicarase na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello cunha antelación de 48 horas á hora fixada para iniciarse.

Os resultados das probas e do concurso de méritos publicaranse así mesmo na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello.

Concederase un prazo de 2 días hábiles para os efectos de alegacións, que se contarán dende o día seguinte ao da publicación na sede electrónica do Concello das puntuacións dos correspondentes exercicios.

10.- CUALIFICACIÓN FINAL.

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas nas fases do proceso, sempre que se teña alcanzada na fase de oposición a puntuación mínima necesaria para considerala superada, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados/as.

No suposto de empate nas puntuacións finais de dous/dúas ou máis aspirantes do proceso selectivo, establécese a seguinte orde de prioridade:

1º - A nota máis alta na proba escrita da fase de oposición.

2º - A nota máis alta na proba de unidade didáctica da fase de oposición.

De manterse o empate, acudirase á puntuación obtida nos apartados da fase de concurso, resolvéndose o empate a favor do/a aspirante que acadase maior puntuación no apartado de experiencia, seguido do apartado de formación académica e do apartado de formación complementaria. De persistir o empate, este resolverase mediante sorteo que se realizará en presenza dos/as interesados/as.

11.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN E LISTAXE DE RESERVA

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal publicará na sede electrónica (<https://burela.sedelectronica.es>) e no Taboleiro de Edictos do Concello a relación dos/das aspirantes que superaron o proceso selectivo por orde de puntuación, con especificación da mesma, e elevará ao Alcalde-Presidente do Concello a correspondente proposta de contratación a favor dos/as aspirantes que obtiveran a puntuación máis alta, sen que poidan ser propostos mais aspirantes que postos a cubrir.

As propostas de selección que contraveñan este límite serán nulas de pleno dereito.

A proposta publicarase na sede electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello.

O Tribunal establecerá unha lista de reserva cos/coas aspirantes que teñan superado o proceso e por rigoroso orde de puntuación, para cubrir as vacantes que se poidan producir antes da sinatura ou durante o prazo de duración do contrato.

Os/as aspirantes que resulten incluídos na lista de reserva non ostentarán dereito subxectivo algún, salvo a orde de prioridade no chamamento que poida efectuar o Concello.

O funcionamento da listaxe de reserva será o seguinte:

a) Usarase sempre tendo en conta a orden da puntuación obtida na cualificación final.

b) De ser necesario acudir á listaxe, remitirase notificación polos medios previstos nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común outorgándose un prazo de 48 horas para que o candidato/a formalice a renuncia ou a aceptación a contratación ofertada. De non aceptar expresamente no prazo sinalado entenderase que renuncia e procederase ao chamamento do seguinte da lista. Así mesmo, coa finalidade de acurtar os prazos remitirase correo electrónico e tentarase comunicar por teléfono co interesado/a. A imposibilidade de localización ou a negativa a recoller a comunicación efectuada equivalerá á renuncia ao ofertado e procederase a chamar ao seguinte da lista.

Os/as aspirantes poderán actualizar os seus datos de contacto durante a vixencia da listaxe de reserva.

En caso de aceptación, o/a aspirante á contratación terá que aportar a documentación á que se refire a cláusula 11ª no prazo de cinco días naturais a partir da notificación do chamamento.

e) O rexeitamento dos/das aspirantes a un eventual contrato cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá como efectos os que se indican seguidamente:

- O primeiro rexeitamento inxustifico implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada.

- O segundo rexeitamento inxustifico implicará a expulsión definitiva da listaxe de reserva.

Son causas xustificadas para rexeitar o chamamento as seguintes:

- Atoparse en situación de incapacidade temporal

- Parto, permiso de maternidade, paternidade, risco para o embarazo, adopción ou situación similar.

- Falecemento, accidente ou enfermidade grave de familiar ate o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, durante o período de duración do permiso ou licenza.

- Ter unha relación laboral ou funcionarial vixente

- Outras causas análogas debidamente xustificadas previa toma en consideración e análise polo órgano competente para resolver.

En todos os casos, a causa do rexeitamento xustificada deberá quedar acreditada no expediente. A persoa aspirante que estea incurso en causa de rexeitamento xustificada deberá comunicar ao Concello a finalización da causa de suspensión.

Nestes casos, manterase aos/ás candidatos/as no lugar ocupado orixinariamente na bolsa a efectos de ser chamada cando proceda.

f) Quedarán excluídas da listaxe con carácter definitivo, as persoas que :

-Renuncien expresamente a formar parte da mesma

-Non presenten en prazo a documentación requirida para a formalización do nomeamento ao ter incorrido en falsidade nos datos declarados na instancia.

-Non se incorporen ao posto de traballo

-Renuncia á continuidade no desempeño dun posto de traballo, unha vez que foi contratado/a

-As persoas que estando contratadas en virtude desta listaxe cesaran no seu posto de traballo por motivos disciplinarios.

A lista de reserva elaborada estará vixente ata a cobertura definitiva da praza ou cando por causas sobrevenidas a mesma sexa amortizada ou por supresión do servizo e, en todo caso, polo período máximo de tres anos, momento a partir do cal esta lista deixaría de ter vixencia.

12.- RESOLUCIÓN DO PROCESO SELECTIVO.

Á vista da proposta do Tribunal de selección e constatado que os/as aspirantes acreditaron os requisitos esixidos para acceder ás prazas que se convocan, a Alcaldía resolverá o procedemento selectivo decidindo a contratación como persoal laboral con contrato temporal de interinidade.

Ata que non se formalice o contrato, os/as aspirantes propostos/as non terá dereito a percibir cantidade económica algunha.

13- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

13.1. Documentación que deberán acreditar os/as aspirantes propostos para ocupar as prazas:

No prazo de 3 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da proposta de selección na forma sinalada na base 9ª (prazo que poderá ampliarse cando os seleccionados acrediten que non puideron presentar algún documento por causas alleas á súa vontade), os/as aspirantes propostos/as presentarán con anterioridade á sinatura do contrato a documentación acreditativa dos requisitos expresados na Base 3ª:

- a) Copia auténtica ou fotocopia compulsada do DNI ou tarxeta acreditativa da súa identidade no caso de estranxeiros.
- b) Copia auténtica ou fotocopia compulsada do título académico esixido.
- c) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
- d) Declaración responsable de non ter sido separados do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- e) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.
- f) Certificación do nº de conta bancaria cos 20 díxitos para o ingreso da nómina.
- g) Certificado negativo de delitos de natureza sexual ao abeiro da Lei 26/2015 de 28 de xullo, de modificación do Sistema de Protección á infancia e á adolescencia.

Se o/a aspirante non presentase a documentación ou do exame da mesma se infira que carece dalgún dos requisitos relacionados na Base 3ª, non poderá ser contratado e perderá tódolos seus dereitos, sen prexuízo das responsabilidades en que houbese podido incorrer.

13.2. Lugar de presentación. Os devanditos documentos presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Burela ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Os devanditos documentos que se presenten a través da oficina de correos, deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo empregado do Servizo de Correos.

No caso se presentarse a documentación a través da sede electrónica do Concello de Burela admitirase que se acredite mediante a achega de copia auténtica (cos requisitos e conforme ao establecido no artigo 27 da Lei 39/2015, do 2 de outubro), documento electrónico orixinal ou que conteña un código xerado electronicamente ou outro sistema de verificación que permita contrastar a autenticidade da copia mediante o acceso aos arquivos electrónicos do órgano ou organismo público emisor.

13.3. Prazo de presentación. O prazo de presentación será de 3 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da proposta de contratación na sede electrónica (<https://burela.sedelectronica.es>) e no Taboleiro de Edictos do Concello, prazo que poderá ampliarse cando os seleccionados acrediten que non puideron presentar algún documento por causas alleas á súa vontade.

Se dentro do prazo indicado, salvo causa de forza maior, o/a aspirante non presentase a documentación ou do exame da mesma se infira que carece dalgún dos requisitos relacionados na Base 3ª, non poderá ser contratado e perderá tódolos seus dereitos, sen prexuízo das responsabilidades en que houbese podido incorrer.

14.- DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.

O Tribunal poderá resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, instándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación dos mencionados instrumentos xurídicos.

15.- RECURSOS.

Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, e que é definitiva en vía administrativa, poderán os/as interesados/as interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Alcaldía do Concello de Burela, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da súa publicación no BOP, ou recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora da dita xurisdición, sen prexuízo de que poidan interpoñer calquera outro que estime procedente.

16.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os/as interesados/as autorizan ao Concello de Burela á publicación no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello, dos datos persoais que consten no expediente da selección e que sexa necesario

publicalos de conformidade con estas bases. A presentación da documentación requirida para participar no proceso de selección presumirá o consentimento para publicar a información nos termos indicados.

ANEXO

TEMARIO COMÚN

BLOQUE 1

Tema 1.- A Constitución española de 1978: estrutura. Dereitos e deberes fundamentais. A Coroa. As cortes xerais. O goberno e a administración. Relación entre o goberno e as cortes xerais .

Tema 2.- Administración local: Conceptos xerais. A provincia. O municipio. A administración local. Principios constitucionais do réxime local. Lexislación de réxime local. Clases de entidades locais. Competencias das entidades locais. A provincia. Organización provincial. Competencias.

Tema 3.- A función pública local. Función pública local. Clases de empregados públicos e instrumentos de organización do persoal. Funcionarios con autorización nacional. Funcionarios das entidades locais. Persoal laboral ao servizo das entidades locais. Persoal eventual. Relación de servizo dos funcionarios públicos locais. Dereitos e deberes. Negociación colectiva. Réxime de incompatibilidade. Réxime disciplinario.

Tema 4.- A Orde do 11 de marzo de 1993, pola que se regulan as condicións de creación e funcionamento das escolas de música e danza da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tema 5.- Documento de organización académica e organización interna da Escola Municipal de Música de Burela.

BLOQUE 2

Tema 1.- Os intervalos: clasificación e a inversión dos intervalos, as enharmonías, as consonancias e as disonancias. A escala. Graos da escala. Tipos de escala diatónica. Escalas: pentáfonas, modais, hexátona, mixta, española, hispano-árabe, cromática, enharmónica e escalas sintéticas.

Tema 2.- A tonalidade. Modalidade. Tons relativos. Tons homónimos. Tons enharmónicos.

Tema 3.- Harmonía. Os acordes tríades, de sétima de dominante, novena maior e menor de dominante, sétima de sensible e diminuída, sétima de prolongación: constitución, estado e disposición, resolucións principais, duplicacións, supresións e cifrado. Notas estrañas a harmonía: notas de paso, floreos, apoiaturas, retardos, etc . A modulación, tipos.

Tema 4.- Harmonía. A harmonía cromática e os diferentes acordes. O acorde de sexta aumentada: italiano, francés, alemán, suízo e outros acordes de sexta aumentada. Modulación mediante enharmonía do acorde de sétima diminuída e do acorde de sexta aumentada alemán. O ómnibus . A harmonía modal. Harmonía por cuartas. Dodecafonismo. A harmonía composta e en espello. Poliacordes. Politonalidade.

Tema 5.- A forma musical. Os seus elementos formais: motivo, tema, frase e período. As diferentes formas musicais ao través da historia: forma binaria tipo suite, forma sonata, rondó-sonata, minueto, rondó, lied desenvolvido, lied ternario, tema con variacións, etc. Plan tonal.

Tema 6.- A música na prehistoria. Grecia e Roma. A Idade Media. O renacemento.

Tema 7.- A música no Barroco: épocas, estilos e evolución compositiva. Compositores máis importantes de música instrumental: Bach, Haendel, etc. A música vocal: música sacra. O coral.

Tema 8.- A música no Clasicismo: características, estilos, evolución compositiva e compositores. A ópera

Tema 9.- A música no Romanticismo: características e compositores. Principais tendencias, estilos e compositores. A música vocal: o lied a evolución da ópera.

Tema 10.- Séculos XX e XXI. Modernismo musical ata a 2ª Guerra Mundial. O impresionismo musical. Verismo. Neoclasicismo. Expresionismo. Período de entreguerras. Dodecafonismo e outras correntes A música popular e o jazz. As vangardas musicais. A composición e a creación musical no século XXI.

MATERIAS ESPECÍFICAS:

Tema 1.- A guitarra como instrumento. Primeira toma de contacto do alumno co instrumento. Organoloxía e funcionamento.

Tema 2.- Iniciación no instrumento. Repertorio recomendado. Criterios didácticos para a selección do repertorio.

Tema 3.- Metodoloxías aplicadas no aula. A motivación do alumnado empregando as aprendizaxes por descubrimento guiado, descubrimento autónomo significativo e a aprendizaxe vicaria.

Tema 4.- A saúde do guitarrista. As tecnopatías do guitarrista, factores de risco, principios afeccións, causas e síntomas. Claves da prevención, actividades recomendadas.

Tema 6.- A técnica na guitarra: os ligados, o vibrato, o pizzicato, recursos tímbricos, a ornamentación, as presillas, efectos. A man dereita. A man esquerda.

Tema 7.- A guitarra no Renacemento: Autores máis destacados. Obras máis importantes.

Tema 8.- A guitarra no Barroco: Autores máis destacados. Obras máis importantes.

Tema 9.- A guitarra no clasicismo e no romanticismo: Autores máis destacados. Obras máis importantes. Intérpretes máis destacados.

Tema 10.- A guitarra na música contemporánea: Autores máis destacados. Obras máis importantes. Intérpretes do século XX e XXI.

Burela, 2 de marzo de 2023.- O ALCALDE, Alfredo Llano García.

R. 0614

LOURENZÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. XANEIRO 2023

EXPOSICIÓN O PÚBLICO

Por Resolución de Alcaldía de data o día 8 de febreiro de 2023, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente o mes de Xaneiro de 2023 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de tres mil catrocentos dez euros con dezaioito céntimos de euro (3.410,18€) , dous mil setecentos oitenta e cinco euros con oitenta céntimos de euro (2.785,80€) correspondente a dependencia , e seis centos vinte e catro euros con trinta e oito céntimo de euro (624,38€) son de libre concorrència.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días , contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública , non se formula ningunha reclamación.

Así mesmo , e de conformidade con artigo 253.1 da citada Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcaldesa-Presidente , no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro , en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos , de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 8 de febreiro de 2023.- A Alcaldesa - Presidente, D^a. Rocío López García.

R. 0592

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 15 de febreiro de 2023 adoptou, entre outros, o acordo 14/72 NOMEAMENTO DUNHA FUNCIONARIA DE CARREIRA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA DESEMPEÑAR A PRAZA DE DIRECTOR/A GARDERÍA MUNICIPAL (GRUPO DE TITULACIÓN: GRUPO A (SUBGRUPO A2); ESCALA: ADMINISTRACIÓN ESPECIAL; SUBESCALA: TÉCNICA) na parte dispositiva do cal se fai constar:

"PRIMEIRO.- Nomear a dona María Eugenia Fernández Touzón, con DNI nº ***5362**, como funcionaria de carreira do Excmo. Concello de Lugo, para desempeñar a praza de DIRECTOR/A GARDERÍA, do cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda promoción interna (grupo de titulación: Grupo A (subgrupo A2); escala: administración especial; subescala: técnica), ocupando o posto cód. 4301/247/1

SEGUNDO.- Notificarlle o acordado á interesada coa advertencia de que deberá tomar posesión no prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento.

TERCEIRO.- Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que este acto pon fin á vía administrativa, e que contra este se poden interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación deste acordo.

- Recurso contencioso-administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación deste acordo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente."

Lugo, 28 de febreiro de 2023.- A Tenenta de Alcadesa Delegada da Area de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellós Fondo.

R. 0593

OUROL

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Oural en sesión extraordinaria celebrada o día 08 de febreiro de 2023, prestou aprobación inicial ao **Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de XANEIRO de 2023 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar** polo importe de de dous mil oitocentos dez euros e oitenta e oito céntimos (2,810,88 euros) dos que mil catrocentos dezaseis euros e trinta céntimos (1.416,30 euros) corresponden a libre concorrência e mil trescentos noventa e catro euros e cincuenta e oito céntimos. (1,394,58 euros) a dependencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento do mesmo, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Ourol, 13 de febreiro de 2023.- O Alcalde - Presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 0594

PORTOMARÍN

Anuncio

Por Resolución do Alcalde número 2022-024, do 30 de maio, aprobouse a oferta de emprego público extraordinaria para a estabilización de emprego temporal no concello de Portomarín, publicada no BOP de Lugo n.º 126 , de 3 de xuño de 2022.

Por resolución do Alcalde número 2023-0059 aprobáronse as seguintes:

BASES XERAIS QUE REXERÁN OS PROCESOS SELECTIVOS CONVOCADOS POLO CONCELLO DE PORTOMARÍN PARA CUBRIR AS PRAZAS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2022

PRIMEIRA.- OBXECTO E CONTIDO

As presentes bases xerais teñen por obxecto regular os procesos selectivos da convocatoria para cubrir as prazas vacantes na Relación de Postos de Traballo do Concello de Portomarín relativas ao proceso de estabilización de emprego temporal, de conformidade co disposto na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, na súa Disposición Adicional sexta.

As presentes bases serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Portomarín (<https://portomarin.sedelectronica.gal/>). Os restantes anuncios que deriven dos procesos selectivos serán publicados no taboleiro de anuncios da sede electrónica.

SEGUNDA.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

As presentes bases xerais rexerán os procesos selectivos para a estabilización de emprego temporal no Concello de Portomarín, que se convoquen segundo a Oferta de Emprego Público extraordinaria, aprobada por resolución de Alcaldía nº 2022-0204, do 30 de maio, publicada no BOP de Lugo nº 126, de 03 de xuño de 2022.

Así, o número de prazas vacantes, a súa denominación e características relaciónanse a continuación:

PERSONAL FUNCIONARIO ANTES DO 01/01/2016

SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO

PRAZA	Nº	G./SG.	OBSERVACIÓNS
ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA	1	A2	OBRAS E URBANISMO CONTROL DE SUBVENCIONS
TOTAL	1		

PERSONAL LABORAL. OCUPADAS ANTES DO 01/01/2016

SISTEMA SELECTIVO: CONCURSO

PRAZA	Nº	G.C.	XORNADA	OBSERVACIÓNS
AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR	4	6	C	
TRABALLADOR MEDIOAMBIENTAL	1	8		
OPERARIO LIMPEZA VIARIA	1	10		
MONITORA DEPORTIVA	1	2	P	
INFORMADOR XUVENIL E CULTURAL	1	7		REGISTRO XERAL E PADRÓN
TÉCNICO DE EMPREGO	1	1		
TOTAL	9			

PERSONAL LABORAL. OCUPADAS CANDO MENOS NOS 3 ANOS ANTERIORES A 31/12/2020

SISTEMA SELECTIVO: CONCURSO-OPOSICIÓN

PRAZA	Nº	G.C.	XORNADA	OBSERVACIÓNS
AUXILIAR AXUDA NO FOGAR	2	8	C	
LIMPADORA	2	10	P	
TOTAL	4			

TERCEIRA.- Requisitos das persoas aspirantes

1. Para poderen participar neste proceso selectivo será preciso reunir os requirimentos seguintes (artigo 50 LEPG 2/2015, de 29 de abril):

- a) Ter a nacionalidade española ou cumprir os requisitos establecidos no artigo 57 do Texto Refundido da Lei reguladora do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, respecto do acceso o emprego público de nacionais doutros estados.
- b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non superar, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír ou estar en condicións de obter, ate o día que remate o prazo de presentación de instancias, a titulación esixida para a praza á que aspira.
- d) Posuír a capacidade e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario dor servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónoma; non se encontrar en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado.
- f) Posuír un título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega correspondente a cada praza á que aspire. Os aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega.

2. Os requirimentos enumerados nesta base deberán reunirse no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e se manteren até o momento da toma de posesión como persoal funcionario ou da contratación como persoal laboral fixo.

CUARTA.- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo presentaranse mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde de Portomarín no modelo que figura como ANEXO I ás presentes bases.

2. Dita solicitude, cos datos persoais do solicitante e a denominación da praza convocada á que opta, irá acompañada dunha fotocopia do documento nacional de identidade ou tarxeta acreditativa da súa identidade expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios, título acreditativo do coñecemento do galego e da titulación esixida para o acceso.

3. No que atinxe á titulación observarase a regulación das distintas Ordes polas que se establecen as equivalencias aos efectos de acceso aos procesos selectivos do sector público. Excepcionalmente considerarase suficiente a esixida pola Administración convocante para o acceso ás prazas convocadas e efectivamente ocupadas.

4. Segundo o sinalado na base terceira, os aspirantes exentos do exame de galego deberán tamén facelo constar na súa instancia e xustificalo aportando o certificado oficial correspondente.

5. Coa presentación da instancia entenderase que os aspirantes aceptan e acatan as bases da convocatoria.

6. De acordo co establecido nos artigos 59 do TREBEP e no Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 20 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Xeral de Dereitos das Persoas con Discapacidade e a súa inclusión social, no presente proceso serán admitidas as persoas con discapacidade en igualdade de condicións.

Os aspirantes con discapacidade, deberán presentar certificación expedida polo órgano competente da súa Comunidade Autónoma ou da Administración do Estado, que acredite dita condición, así como a súa capacidade para desempeñar as tarefas correspondentes ás prazas obxecto da presente convocatoria.

QUINTA.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

1. O prazo para presentar as solicitudes será de 20 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOE.

2. A presentación de solicitudes poderá facerse ben de forma presencial no Rexistro Xeral do Concello de Portomarín ou a través da sede electrónica do Concello de Portomarín (<https://palasderei.sedelectronica.es/>), así como en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. No caso de que a solicitude se presenten a través da oficina de Correos, deberá ser comunicado mediante correo electrónico ao enderezo infoportomarin@concellodeportomarin.es, durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias, aportando o xustificante de entrega.

SEXTA.- DEREITOS DE EXAME

Non procede esixir taxas en concepto de dereitos de exame.

SÉTIMA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Alcalde ditará resolución declarando aprobadas as listaxes provisórias de persoas admitidas e excluídas indicando, neste segundo caso, as causas da exclusión. A resolución será publicada no BOP de Lugo e na sede electrónica do Concello de Portomarín.
2. As persoas aspirantes excluídas ou omitidas terán un prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao de publicación da resolución no BOP de Lugo, para formular reclamacións ou emendar os defectos que motivasen a súa exclusión ou omisión. O transcurso dese prazo sen emenda dos defectos advertidos supoñerá a exclusión definitiva da convocatoria.
3. A listaxe provisoria considerarase automaticamente definitiva se, transcorrido o prazo anteriormente sinalado, non se presentasen reclamacións. No caso de presentarse reclamacións, estas serán estimadas ou desestimadas mediante nova resolución motivada de aprobación da listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas que será publicada na sede electrónica do Concello de Portomarín.
4. O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga o recoñecemento de reunir os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmentemente polo procedemento que se indique a este efecto.
5. Contra a resolución do alcalde aprobando a lista definitiva poderá interpoñerse, alternativamentemente, recurso de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación na sede electrónica do concello, ou recurso contencioso- administrativo perante o Xulgado do contencioso administrativo de Lugo no prazo de dous meses, segundo os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP) e o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición contencioso-administrativa. Todo isto, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen oportuno.

OITAVA.- TRIBUNAIS CUALIFICADORES

1. Os membros do tribunal ou tribunais cualificadores do concurso serán designados polo alcalde, segundo o disposto no artigo 59 da Lei de emprego público de Galicia e no artigo 60 do TREBEP. Os Tribunais cualificadores constituiranse atendendo aos principios de imparcialidade, profesionalidade e especialidade, en función da dispoñibilidade de recursos, atendendo á paridade entre homes e mulleres.
2. Cada un dos Tribunais cualificadores estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplentes: presidente/a, secretario/a e tres vogais. Todos os membros do tribunal deberán Pertencer a un grupo ou categoría cuxa igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada.
3. Non poderán formar parte dos tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.
4. A determinación dos membros dos tribunais designados polo alcalde farase pública xunto coa resolución definitiva de admitidos e excluídos, publicándose na sede electrónica do Concello de Portomarín.
5. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, as persoas interesadas poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.
6. O tribunal cualificador deberá constituírse na data que determine o alcalde para cada un dos procesos selectivos convocados, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros de cada tribunal, titulares ou suplentes.
7. Para os efectos de percepción de indemnizacións por asistencia como membros dos tribunais, estes terán a categoría que lles corresponda, segundo o establecido no Real Decreto 462/2002, do 24 de marzo.
8. Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo de alzada ante o órgano que o nomeou, segundo o artigo 121 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP).

NOVENA.- Sistema de selección das prazas ocupadas con anterioridade ao 01/01/2016**9.1. CONCURSO**

De conformidade co disposto na Disposición Adicional 6ª da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de Medidas Urxentes para a Redución da Temporalidade no Emprego Público, e co artigo 60 TREBEP, a selección das persoas para a provisión das prazas FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL ocupadas antes do 01/01/2016, que anteriormente se relacionan, realizarase por medio do sistema de concurso.

O concurso, cunha cualificación final máxima de 100 puntos, consistirá na valoración polo Tribunal de Selección, conforme ao baremo que se indica na base seguinte, dos méritos alegados polas persoas aspirantes, referidos ao día de publicación desta convocatoria no BOE.

9.2. MÉRITOS: EXPERIENCIA PROFESIONAL

Valorarase a experiencia profesional, con un máximo de 100 puntos, de acordo co seguinte baremo:

A. Servizos prestados nos corpos, escalas ou categorías profesionais aos que se desexa acceder ou en corpos ou escalas diferentes desenvolvendo funcións equiparábeis ás dos corpos, escalas ou niveis aos que se desexa acceder.	Concello de Portomarín	Outras Administracións
A.1 Servizos prestados durante os últimos 10 anos dende a data da convocatoria.	0,84/mes	0,38/mes

B. Servizos prestados en corpos, escalas ou categorías profesionais diferentes a aqueles aos que se desexa acceder sen desenvolver funcións equiparábeis ás dos corpos, escalas ou niveis aos que se desexa acceder.	Concello de Portomarín	Outras Administracións
B.1 Servizos prestados durante os últimos 10 anos dende a data da convocatoria.	0,40/mes	0,22/mes

Para valorar se as funcións desenvolvidas noutras Administracións son equiparables ás dos corpos, escalas ou categorías ás que se desexa acceder terase en conta o certificado ou resolución do órgano competente en materia de persoal.

En caso de empate na puntuación de concurso de méritos, resolverase a favor da persoa aspirante que acredite unha maior experiencia adquirida no Concello de Portomarín, na praza obxecto da convocatoria. De persistir o empate, as persoas aspirantes elaborarán unha memoria na que realizarán unha exposición sobre as tarefas do posto e os requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desenvolvemento e a vinculación do seu currículo persoal coas tarefas do posto, que terá que ser lida e defendida diante do tribunal, que poderá facer preguntas de cara a determinar a persoa aspirante que mellor se adecúe ao posto de traballo que se vai estabilizar.

9.3. Baremación dos méritos alegados

As persoas aspirantes deberán realizar a autobaremación dos seus méritos expresando, no impreso de solicitude, a puntuación que obtivesen de acordo co baremo indicado na base precedente.

9.4. Relación de aspirantes e puntuacións declaradas.

1. Tribunal publicará na sede electrónica do Concello a relación provisoria de persoas seleccionadas, por orde alfabética, indicando a puntuación obtida no concurso de conformidade coa autobaremación.
2. No prazo de dez días desde a publicación da relación anterior, o alcalde ditará resolución na que se determine o procedemento, prazo e documentación necesaria para acreditar os méritos alegados. O prazo de presentación de documentos non será en ningún caso inferior a dez días. Dita resolución publicarase na páxina web do Concello de Portomarín.
3. Transcorrido o prazo anterior, o tribunal procederá a comprobar os documentos acreditativos dos méritos e confeccionará a relación provisoria de aspirantes por orde de puntuación, conforme ás comprobacións realizadas. Dita relación publicarase na páxina web do Concello.
4. Os aspirantes disporán dun prazo de dez días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación anterior, para formular alegacións.
5. De non presentarse reclamacións durante o prazo indicado, a relación provisoria considerarase definitiva e terase por formulada a proposta de contratación de conformidade coa maior puntuación obtida.
6. No caso de presentarse reclamacións, estas serán resoltas polo Tribunal, que procederá a publicar a estimación ou desestimación das mesmas e a relación definitiva resultante, formulando proposta de contratación.

DÉCIMA.- Sistema de selección das prazas ocupadas cando menos nos 3 anos anteriores ao 31/12/2020.

De conformidade co disposto na Lei 20/2021, de 28 de decembro, de Medidas Urxentes para a Redución da Temporalidade no Emprego Público, a selección das persoas para a provisión das prazas PERSOAL LABORAL ocupadas cando menos nos 3 anos anteriores ao 31/12/2020, que anteriormente se relacionan, realizarase por medio do sistema de concurso-oposición.

A fase de oposición terá carácter non eliminatorio.

10.1. Fase de concurso

O concurso consistirá na valoración polo Tribunal de Selección, conforme ao baremo que se indica na base seguinte, dos méritos alegados polas persoas aspirantes, referidos ao día de publicación desta convocatoria no BOE.

Valorarase a experiencia profesional, con un máximo de 40 puntos, de acordo co seguinte baremo:

A. Servizos prestados nos corpos, escalas ou categorías profesionais aos que se desexa acceder ou en corpos ou escalas diferentes desenvolvendo funcións equiparábeis ás dos corpos, escalas ou niveis aos que se desexa acceder.	Concello de Portomarín	Outras Administracións
A.1 Servizos prestados durante os últimos 7 anos dende a data da convocatoria.	0,50/mes	0,25/mes

B. Servizos prestados en corpos, escalas ou categorías profesionais diferentes a aqueles aos que se desexa acceder sen desenvolver funcións equiparábeis ás dos corpos, escalas ou niveis aos que se desexa acceder.	Concello de Portomarín	Outras Administracións
B.1 Servizos prestados durante os últimos 7 anos dende a data da convocatoria.	0,25/mes	0,12/mes

Para valorar se as funcións desenvolvidas noutras Administracións son equiparables ás dos corpos, escalas ou categorías ás que se desexa acceder terase en conta o certificado ou resolución do órgano competente en materia de persoal.

10.2. Baremación dos méritos alegados

As persoas aspirantes deberán realizar a autobaremación dos seus méritos expresando, no impreso de solicitude, a puntuación que obtivesen de acordo co baremo indicado na base precedente.

10.3. Fase de oposición.

A fase de oposición valorarase cun máximo do 60% da puntuación total, esto é 60 puntos. Non terá carácter eliminatorio.

Consistirá na realización de dúas probas sucesivas en único chamamento sobre as materias comprendidas no programa que se publica como anexo a estas bases, coa seguinte estrutura:

- 15 preguntas tipo test con tres respostas alternativas: 2 puntos por pregunta correcta.
- Entrevista sobre aspectos prácticos do desempeño: Ata 30 puntos segundo as respostas e solucións propostas polas persoas aspirantes, das que se deixará constancia no expediente.

DÉCIMO PRIMEIRA.- COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Os aspirantes deberán posuír un título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega correspondente á praza a estabilizar.

Os niveis de coñecemento da lingua galega en relación ás prazas a estabilizar son os seguintes:

CATEGORÍA	Título acreditativo mínimo do nivel de coñecemento da lingua galega
Func. A2 Lab. 1, 2	Celga 4
Lab. 6, 7	Celga 2
Lab. 8,10	Celga 1

Os aspirantes que non xustifiquen a posesión do título acreditativo do nivel de lingua galega correspondente á categoría ou grupo da praza á que aspiran, deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega. A tales efectos, estes aspirantes deberán sinalar na súa solicitude de participación no proceso esta circunstancia.

A proba de coñecemento da lingua galega realizarase unha vez finalizado o concurso de méritos a aquelas persoas propostas para a obtención dunha praza e cualificarase como apta ou non apta. No caso de que a proba de coñecemento sexa cualificada como non apta, a persoa candidata será excluída do proceso de selección, e a seguinte coa puntuación máis alta obtida no concursos de méritos será a proposta para a obtención da praza. Se esta persoa non tivese acreditado con anterioridade o coñecemento da lingua galega correspondente deberá someterse á referida proba de galego cos mesmo efectos expostos con anterioridade.

DÉCIMO SEGUNDA.- CONTRATACION E NOMEAMENTO

Concluído o proceso selectivo, os aspirantes seleccionados, cun número que non poderá exceder en ningún caso ao dos postos convocados, serán contratados polo alcalde como persoal laboral fixo, unha vez que xustifiquen documentalmente o cumprimento dos requisitos legalmente esixidos para a contratación.

Estas bases xerais vincularán ao Concello de Portomarín, aos tribunais cualificadores e aos aspirantes que participen nos procesos selectivos que sexan convocados.

DÉCIMO TERCEIRA.- RÉXIME XURÍDICO E NORMATIVA DE APLICACIÓN

O proceso selectivo suxeitarase ás presentes Bases e no que non estea previsto nestas, ao establecido nas seguintes normas:

- .- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- .- Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.
- .- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico dos empregado público.
- .- Lei 2/2015, de 29 de abril, reguladora do emprego público de Galicia.
- .- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- .- Disposicións concordantes.

DÉCIMO CUARTA- DISPOSICIÓN FINAL

Contra estas bases que poñen fin á vía administrativa e cantos actos administrativos deriven das mesmas, os interesa- dos poderán interpoñer, alternativamente, o recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes dende a súa publicación ou notificación, ante a alcaldía, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP), ou recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación ou da notificación da resolución do recurso de reposición ou da data en que este se entenda desestimado, ante o Xulgado do contencioso administrativo de A Coruña, de conformidade co art.46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdi- ción contencioso-administrativa. Todo isto sen prexuízo do dereito dos interesados a formular calquera outro recurso que se considere pertinente.

ANEXO I
Solicitude e Modelos e autobarefacción
SOLICITUDE

1º Apelido	2º Apelido	Nome
D.N.I./N.I.E./Pasaporte Nº:	Enderezo	
Localidade	Provincia	Nacionalidade
Enderezo a efectos de notificación		
Teléfono	Correo electrónico	
DATOS DA PRAZA		
Denominación		

EXPOÑO:		
<p>Á vista da convocatoria do proceso selectivo para a cobertura, pola quenda libre, das prazas incluídas na oferta de emprego público extraordinaria do Concello de Portomarín, publicada no BOP de Lugo número _____, de data _____:</p> <p>- DECLARO reunir todas e canda unha das condicións que se esixen nas bases da convocatoria, e co coñecemento e expresa aceptación de tódolos termos da mesma.</p> <p>- SOLICITO a miña participación no proceso selectivo de referencia de conformidade coas bases da convocatoria.</p>		
Dispoño dun título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega	SI <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>
<p>Documentación que se achega xunto coa solicitude:</p> <p><input type="checkbox"/> Fotocopia de DNI</p> <p><input type="checkbox"/> Fotocopia da titulación esixida</p> <p><input type="checkbox"/> Título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega.</p> <p>No caso de non presentar título acreditativo co coñecemento do galego, enténdese solicitada a celebración da proba segundo o determinado nas bases.</p>		

AUTOBAREMACIÓN (MODELO 1)
PRAZAS ANTERIORES AO 01/01/2016 - (BASE 9)

(a cubrir en función da tipoloxía dos servizos prestados desenvolvendo funcións equiparábeis)

MÉRITOS ALEGADOS

A. Servizos prestados nos corpos, escalas ou categorías profesionais aos que se desexa acceder ou en corpos ou escalas diferentes desenvolvendo funcións equiparábeis ás dos corpos, escalas ou niveis aos que se desexa acceder.					
A.1 Servizos prestados durante os últimos 10 anos dende a data da convocatoria.					
A cumprir pola persoa aspirante					A cumprir polo Tribunal de selección previa comprobación
Administración ou entidade pública local	Nº meses completos de servizos prestados	Puntos por mes completo	TOTAL PUNTOS (meses x puntos)	Puntuación asignada	Causa de non valoración (se procede)
Concello de Portomarín		0,84			
Outras Administracións		0,38			

B. Servizos prestados en corpos, escalas ou categorías profesionais diferentes a aqueles aos que se desexa acceder sen desenvolver funcións equiparábeis ás dos corpos, escalas ou niveis aos que se desexa acceder.					
B.1 Servizos prestados durante os últimos 10 anos dende a data da convocatoria.					
A cumprir pola persoa aspirante					A cumprir polo Tribunal de selección previa comprobación
Administración ou entidade pública local	Nº meses completos de servizos prestados	Puntos por mes completo	TOTAL PUNTOS (meses x puntos)	Puntuación asignada	Causa de non valoración (se procede)
Concello de Portomarín		0,40			
Outras Administracións		0,22			

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE OS DATOS SO CERTOS, COMPROMETÉNDOME A ACREDITALOS DOCUMENTALMENTE NO PRAZO E FORMA EN QUE ME SEXAN REQUIRIDOS CONFORME AO PREVISTO NAS BASES.

_____, _____, de _____, de 2023.

(sinatura)

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE PORTOMARÍN (A CORUÑA)

AUTOBAREMACIÓN (MODELO 2)**PRAZAS OCUPADAS CANDO MENOS NOS 3 ANOS ANTERIORES AO 31/12/2020 (BASE 10).**

(a cubrir en función da tipoloxía dos servizos prestados desenvolvendo funcións equiparábeis)

MÉRITOS ALEGADOS

A. Servizos prestados nos corpos, escalas ou categorías profesionais aos que se desexa acceder ou en corpos ou escalas diferentes desenvolvendo funcións equiparábeis ás dos corpos, escalas ou niveis aos que se desexa acceder.

A.1 Servizos prestados durante os últimos 7 anos dende a data da convocatoria.

A cumprir polo aspirante				A cumprir polo Tribunal de selección previa comprobación	
Administración ou entidade pública local	Nº meses completos de servizos prestados	Puntos por mes completo	TOTAL PUNTOS (meses x puntos)	Puntuación asignada	Causa de non valoración (se procede)
Concello de Portomarín		0,50			
Outras Administracións		0,25			

B. Servizos prestados en corpos, escalas ou categorías profesionais diferentes a aqueles aos que se desexa acceder sen desenvolver funcións equiparábeis ás dos corpos, escalas ou niveis aos que se desexa acceder.

B.1 Servizos prestados durante os últimos 7 anos dende a data da convocatoria.

A cumprir polo aspirante				A cumprir polo Tribunal de selección previa comprobación	
Administración ou entidade pública local	Nº meses completos de servizos prestados	Puntos por mes completo	TOTAL PUNTOS (meses x puntos)	Puntuación asignada	Causa de non valoración (se procede)
Concello de Portomarín		0,25			
Outras Administracións		0,12			

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE OS DATOS SO CERTOS, COMPROMETÉNDOME A ACREDITALOS DOCUMENTALMENTE NO PRAZO E FORMA EN QUE ME SEXAN REQUIRIDOS CONFORME AO PREVISTO NAS BASES.

-----, -----, de -----, de 2023.

(sinatura)

ANEXO II TEMARIO

Prazas a proveer mediante concurso-oposición (Base décima)

LIMPADOR/A

Tema 1. O municipio: Competencias.

Tema 2. Órganos de goberno municipais: O alcalde. O Pleno.

Tema 3. O Concello de Portomarín. Límites. Poboación. Situación das parroquias e principais núcleos de poboación.

Tema 4.- Localización dos Edificios, instalacións e espazos públicos do Concello de Portomarín.

Tema 5.-Prevención de riscos laborais. Criterios de seguridade a ter en conta nos traballos de limpeza.

Tema 6. Condicións de saúde e seguridade no traballo de limpador/a. Uso de guantes, máscaras, e outros elementos de prevención.

Tema 7. Útiles de limpeza. As súas formas: a máquina e a man. Uso e conservación.

Tema 8. Produtos de limpeza. Identificación dos produtos de limpeza e desinfección. Significado dos símbolos utilizados nas etiquetas dos produtos.

Tema 9. Manipulación e transporte. Almacenamento dos produtos e identificación de produtos perigosos.

Tema 10. Tipos de residuos: urbanos, industriais, sanitarios. Separación selectiva dos residuos urbanos.

AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR.

Tema 1. O municipio: Competencias.

Tema 2. Órganos de goberno municipais: O alcalde. O Pleno.

Tema 3. O Concello de Portomarín. Límites. Poboación. Situación das parroquias e principais núcleos de poboación.

Tema 4. Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar. Obxecto do servizo. Contido: tipos de atención de carácter básico.

Tema 5. Características e necesidades de atención hixiénico-sanitarias das persoas dependentes.

Tema 6. Administración de alimentación e tratamentos a persoas dependentes en domicilio.

Tema 7. Mellora das capacidades físicas e primeiros auxilios para persoas dependentes en domicilio.

Tema 8. Apoio as xestións cotiás das persoas dependentes.

Tema 9. Mantemento, limpeza e organización do domicilio de persoas dependentes.

Tema 10. A mobilización dos enfermos: Pautas xerais.

R. 0595

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO
CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: A/27/04287/E

Asunto: Extinción del derecho al aprovechamiento de aguas

Titular: Agropegal, S.A.T. Nº1403 XUGA

Nombre del río o corriente: Dos manantiales

Punto localización: Chiriz, en el monte Das Mentiras, parroquia de Caraña

Término municipal y provincia: Pol, Lugo

Caudal concedido: 0,33 l/s

Destino: Uso ganadero

Título: Resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte

Fecha: 20 de junio de 1995

Registro de Aguas: 4442, Sección A, en el Tomo 0045, hoja número 042

BREVE DESCRIPCIÓN:

Extinción del derecho del aprovechamiento de aguas incoado de oficio por este Organismo de cuenca por transcurso del plazo por el que se otorgó la concesión. No constan servidumbres.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de UN (1) MES, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, durante el cual podrá comparecer por escrito cualquier persona, incluido el titular del derecho, que pueda resultar afectada por la extinción del mismo, en el **Concello de Pol** o en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., (Comisaría de Aguas - Rúa Progreso, 6. 32005 - Ourense).

Ourense, 27 de febrero de 2023.- El Comisario Adjunto, Alberto de Anta Montero.

R. 0596